

CONVOCATORIA DE MOBILIDADES DE ALUMNADO ERASMUS+ PARA O CURSO 2024-25

Convócanse 5 prazas de mobilidades para estudos e 3 prazas para prácticas en empresas no estranxeiro.

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo publica a presente convocatoria de solicitudes de participación nas actividades de mobilidade de alumnos desta Escola no marco do Programa Erasmus+.

1. - Participación na convocatoria:

Para poder participar na convocatoria e entrar no procedemento selectivo para a obtención das mobilidades os alumnos deberán enviar ao enderezo erasmus@escoladeartelugo.com, dentro do prazo establecido, os seguintes documentos:

- a) o Formulario de Solicitud (Anexo I)
- b) DNI polas dúas caras.
- c) Curriculum Vitae en inglés (Pódese facer un CV online na seguinte páxina: Europass-
<https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>)
- d) Carta de motivación (unha carta breve na que se expoñan os motivos do alumno para participar no programa).
- e) Acreditación de nivel dos idiomas estranxeiros alegados (a acreditación debe ser algunha das que son consideradas oficiais dentro do marco de referencia - Ver Anexo II)
- f) Portfolio (contendo exemplos de traballos ou obra realizada polo alumno)

2. - Prazo de solicitude:

O prazo de solicitudes para as mobilidades Erasmus **rematará o 30 de marzo de 2024.**

3. - Criterios de selección:

1 - EXPEDIENTE ACADÉMICO.

Nota media do expediente académico do alumno nos estudos que está a cursar na actualidade. Non fai falla adxuntalo xa que será aportado pola secretaría do centro.

(Puntuación máxima: 5 PUNTOS).

2 - CERTIFICADOS DE LINGUAS ESTRANXEIRAS:

- Nivel B1..... 1 PUNTOS.

- Nivel B2..... 2 PUNTOS.

- Nivel C1 o superior.....3 PUNTOS.

3 - CARTA DE MOTIVACIÓN: (Puntuación máxima: 3 PUNTOS).

4 - PORTFOLIO DE TRABALLO: (Puntuación máxima: 3 PUNTOS).

5. - INFORME DO DEPARTAMENTO: Favorable/Desfavorable con respecto á mobilidade. (Favorable: 5 PUNTOS; Desfavorable: 0 PUNTOS)

O Tribunal de valoración estará formado por un membro do Equipo Directivo, a Coordinadora de Proxectos Internacionais e un profesor da EASDRF.

En caso de empate tendrá preferencia o mellor expediente académico.

O resultado da selección será comunicado persoalmente por correo electrónico a cada un dos participantes e tamén ao traés da páxina web do centro.